

TEMA 15.- A ARTE DESDE 1945 - COMENTARIO INFORMALISMO EUROPEO.

TÀPIES: PINTURA

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/ estilo/ movemento; cronoloxía; título; autor: Pintura é una pintura sobre lenzo pertencente ao Informalismo matérico español. Cadro pintado por Tàpies en 1955. Actualmente está no Museo Reina Sofía (Madrid). A técnica pictórica é mixta.

c.- Analiza e comenta a obra: o Informalismo é un movemento artístico que acadou o seu maior auge na Europa dos anos 50-60, e que, ao igual que o expresionismo norteamericano, supón o predominio da abstracción na pintura. Aínda que literalmente a palabra signifique “negación da forma”, o Informalismo só nega o valor outorgado tradicionalmente á forma. Ao igual que o Expresionismo abstracto presenta diferentes tendencias, dentro das cales cada artista fai unha obra persoal na que deixa a súa propia marca.

Trátase dunha corrente abstracta cuxos elementos esenciais son os materiais e os procedementos técnicos empregados para obter a obra: calquera outro elemento está supeditado á materia e á técnica.

Nace en Europa trala II Guerra Mundial: a posguerra sumiu á sociedade europea nunha atmosfera de desesperación, de tristeza e de soidade. O desacougo e angustia que experimentan os artistas europeos lévalles a facer obras nas que a comunicación co espectador é cada vez máis difícil e os artistas séntense incapaces de comunicar algo. Os cadros informalistas pecharanse en si mesmos sendo o reflexo dun mundo no que a comunicación deixou de existir (para mostra, a guerra): por iso estes cadros serán, se cabe, máis tristes, angustiosos e máis pechados que os expresionistas.

A pintura informalista, ao igual que o Expresionismo abstracto, terá influxos do “automatismo psíquico” surrealista, do Expresionismo e tamén do Dadaísmo e do Cubismo, co emprego de colaxes, pero moi distintos aos usados por aqueles. Unha influencia decisiva é a da filosofía existencialista (a vida é só existencia; trala existencia está a nada, o baleiro): se a vida é só existencia a pintura é só materia, por iso a materia será o principal elemento do Informalismo: a través da materia empregada sobre o lenzo exprésase a angustia e a dor; a ausencia de materia fala do baleiro, da nada. Dentro do Informalismo hai moitas tendencias pero destacaremos o Informalismo matérico, cuxo máximo representante é o catalán Antoni Tàpies.

O Informalismo ten especial importancia na arte española dos anos 50-60. A incomunicabilidade que afecta a todo o Informalismo cobra máis sentido aínda en España cun réxime político ditatorial que impedía a liberdade de expresión. Os artistas pecharanse en si mesmos e realizarán unhas obras cuxa protagonista indiscutible será a materia: a través dela realizan uns cadros complexos e difíciles

de comprender; máis que nunca faise realidade a filosofía existencialista: se a vida é existencia, a pintura é materia. A través da materia, da diferente textura dos materiais, os informalistas españois expresan os seus sentimentos. A materia xa non son só os pigmentos, estes mestúranse con outros materiais (po de mármore, area...) e aplícanse sobre o lenzo con maior ou menor grosor; a necesidade de incluír a materia no cadro lévalles a empregar unha técnica semellante ao colaxe, pero usan materiais de desperdicio (palla, teas, sacos rotos...) que incorporan ao lenzo dándolle así o aspecto dun relevo. Estes materiais aparecen ás veces rotos, rabuñados, maltratados...

O máis importante informalista matérico é **Antoni Tàpies**, pintor catalán que na súa xuventude formou parte do grupo "Dau al Set" ("Dado ao Sete"), integrado por artistas cataláns que, realizando unha obra persoal e diferenciada; facían cadros figurativos con influxos do Dadaísmo, Surrealismo e Expresionismo alemán. A partir de 1952, Tàpies inicia a súa traxectoria dentro do Informalismo matérico. A súa etapa estritamente informalista esténdese ata os anos 60.

As obras desta etapa están efectuadas utilizando un procedemento mixto que dá lugar a uns materiais con aspecto rugoso e áspero; obtiña estas materias mesturando po de mármore con aglutinante e pigmentos en po. Esta materia densa colócaa sobre o lenzo e despois a estende, deixando partes máis sobresaíntes (con impresión de relevo) e outras máis planas; ás veces introduce colaxes compostos por sacos rotos, palla, area..., que despois araña e freta: dálle así á superficie do lenzo un aspecto rugoso e rudo como un muro dunha construción. Nesta etapa elimina todo elemento figurativo, non habendo ademais unha parte central no lenzo, engadindo certos signos ou símbolos que fan máis complexo o seu significado: a cruz en forma de "t" (o t de Tàpies, o símbolo cristián ou o signo da contraposición) ou de aspa, algúns estraños e ilexibles signos caligráficos e algunhas manchas e goteos que se reparten por certas zonas. A Tàpies tamén lle inflúen as filosofías orientais, en concreto o budismo zen: as ideas sobre o baleiro e o silencio, que utiliza como elementos de expresión (o baleiro a través das zonas con pouca materia que levan ao silencio). A cor é moi austera, ocre e marrón que asocia coa terra, coa materia. A súa obra está dominada pola angustia, e a materia -só existencia- convértese no símbolo da ausencia de vida.

